

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE TÉCNICAS COMPOSITIVAS CONTRAPUNTÍSTICAS I
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA
TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: TÉCNICAS COMPOSITIVAS CONTRAPUNTÍSTICAS I										
ESPECIALIDADE:	COMPOSICIÓN				ITINERARIOS:	COMPOSICIÓN				
CARÁCTER:	Dsiciplina obrigatoria				TIPO DE CLASE:	Colectiva				
DEPARTAMENTO:	Composición				XEFE DE DPTO.:	Mª Paz Pita Vázquez				
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:	Manuel Andrés Varela Sanjurjo
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1.5
ECTS/CUAD.					3				Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA			
	Manuel Varela				varelasanjurjo@edu.xunta.es		luns 18:00-19:00			

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR :	Afondamento no estudo dos elementos e procedementos contrapuntísticos relativos ao sistema tonal, así como anteriores e posteriores ata os nosos días. Realización escrita de traballos estilísticos libres, vocais e instrumentais en diferentes estilos ata a actualidade. Práctica instrumental dos elementos e procedementos estudados.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os adquiridos nos cursos 1º e 2º da especialidade.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Composición. Harmonía e Contrapunto aplicados a composición..
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T4, T8
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X3, X4, X5
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EC1, EC2, EC3, EC4, EC5, EC6
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 do 16 de novembro anexo II	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1- Coñecer e aplicar as principais técnicas contrapuntísticas.	TODAS
2- Capacitarse na utilización destas técnicas e na construción das principais formas contrapuntísticas.	TODAS
3- Elaborar exercicios de carácter contrapuntístico utilizando as distintas técnicas estudadas.	TODAS
4- Compoñer obras utilizando as principais estruturas formais contrapuntísticas.	TODAS

4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1- Aspectos contrapuntísticos xerais.	1.1-Curva melódica. 1.2-Ritmo armónico e ritmo melódico. 1.3- Motivo e transformacións do mesmo. 1.4-Visión histórica do contrapunto: orixes e evolución.	2
2- O coral, o canon, a suite.	2.1- Coral vocal e instrumental. 2.2- Canon por distintos procedementos imitativos. 2.3- A suite: danzas principais, a suite moderna.	6
3 – Contrapunto imitativo e contrapunto invertible	3.1- A imitación. 3.2- Contrapunto dobre. 3.3 -Contrapunto triple e cuádruple. 3.4- Contrapunto a 10ª e 12ª.	5
4 – Aspectos contrapuntísticos contemporáneos.	4.1-Aspectos melódicos, rítmicos e harmónicos. 4.2-Modalidade 4.3-Politonidade	1
5 – Repaso Contidos anteriores		2
TOTAL SESIÓNS:		16

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Exposición maxistral	2		2
Exposición práctico-teórica	6		6
Corrección de obras e exercicios	14		14
Realización de exercicios		64	64
Actividades complementarias		2	2
Actividades de avaliación: Probas Revisión de probas	2	1	2 1
TOTAL HORAS:			90

6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Corrección de traballos e obras axustados ós contidos do cuatrimestre	Compoñer obras ou fragmentos relacionados cos reflectidos nos contidos do cuatrimestre	T1,T2,T4,X2,X3,EC1,EC4,EC5	70%
Realización dunha proba cuatrimestral.	Realización dun exercicio que conteña algúns dos aspectos reflectidos nos contidos do cuatrimestre	T3,T8,X4,X5,EC2,EC3,EC6	30%
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
Presentación de traballos e obras axustados ós contidos do cuatrimestre	Compoñer obras ou fragmentos e realizar os exercicios relacionados cos reflectidos nos contidos do cuatrimestre (o número de obras e exercicios será a mesma pola que se evalúa na convocatoria ordinaria, e será determinada polo profesor)	T1,T2,T4,X2,X3,EC1,EC4,EC5	70%
Realización dunha proba cuatrimestral.	Realización dun exercicio que conteña algúns dos aspectos reflectidos nos contidos do cuatrimestre	T3,T8,X4,X5,EC2,EC3,EC6	30%

6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA) Superar as catro faltas conleva a perda de avaliación continua			
Presentación de traballos e obras axustados ós contidos do cuatrimestre	Compoñer obras ou fragmentos e realizar os exercicios relacionados cos reflectidos nos contidos do cuatrimestre (o número de obras e exercicios será a mesma pola que se evalúa na convocatoria ordinaria, e será determinada polo profesor)	T1,T2,T4,X2,X3,EC1,EC4,EC5	50%
Realización dunha proba cuatrimestral.	Realización dun exercicio que conteña algúns dos aspectos reflectidos nos contidos do cuatrimestre	T3,T8,X4,X5,EC2,EC3,EC6	50%
6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA			
Presentación de traballos e obras axustados ós contidos do cuatrimestre	Compoñer obras ou fragmentos e realizar os exercicios relacionados cos reflectidos nos contidos do cuatrimestre (o número de obras e exercicios será a mesma pola que se evalúa na convocatoria ordinaria, e será determinada polo profesor)	T1,T2,T4,X2,X3,EC1,EC4,EC5	50%
Realización dunha proba cuatrimestral.	Realización dun exercicio que conteña algúns dos aspectos reflectidos nos contidos do cuatrimestre	T3,T8,X4,X5,EC2,EC3,EC6	50%

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	
DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No presente curso non hai alumnado con NEE	Ningúns

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS
Tratado de contrapunto tonal y atonal.J. García Gago.Ed. Clivis. -Contrapunto.Walter Piston.Ed.Span-Press. -Ejercicios preliminares de contrapunto.Arnold Schoenberg.Ed.Labor. -Tratado de contrapunto. Torre Bertucci. Ed. Ricordi -Contrapunto. Diether de la Motte.Ed. Idea-Books. -Contrapunto creativo.Johannes Forner & Jürgen Wilbrandt.Ed. Idea-Books. -Tratado de fuga. A.Gedalge. Ed. Real musical. -Fuga, técnica e historia. Jospe Soler. Antoni Bosch, editor.

A presente programación inclúe anexos de adaptación ás Instrucións do 31 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020-2021.

A entrega de traballos será preferentemente de forma telemática, en todo caso seguindo as indicacións específicas de cada docente, para minimizar o intercambio de papel no ensino presencial. Os medios telemáticos e os materiais dixitais a empregar (en calquera modalidade de ensino) serán concretados por cada docente, quen os escollerá en función da idoneidade educativa e atendendo á dispoñibilidade real dos mesmos para o alumnado. Preferentemente empregaranse a aula virtual, a plataforma webex, correo electrónico, whatsapp, skype ou similares.

ANEXO I: ENSINO SEMI-PRESENCIAL Será de aplicación no caso de que algún estudante ou o docente non poidan asistir ao centro por atoparse en corentena e deban desenvolver puntualmente a súa actividade lectiva/docente telemáticamente.Nesta situación as competencias,

obxectivos, e contidos da disciplina non sufrirán variacións. A planificación docente durante a corentena variará nos seguintes aspectos:• As clases maxistras desenvolveráse telemáticamente ou serán substituídas por materiais dixitais.• A corrección individual desenvolveráse telemáticamente, ben por escrito ou por videoconferencia.• As actividades monográficas, a asistencia a ensaios e a práctica auditiva serán adiadas, se é posible, ou substituídas por actividades telemáticas.• As actividades de avaliación variarán no sentido recollido de seguido. *Programación de Instrumentación · Departamento de Composición1* A avaliación non sufrirá variacións agás que a corentena coincida coa data de exame e/ou de realización de probas de aula. Nese caso desenvolveráse telemáticamente a proba ou/e substituírase (en todo ou en parte) por unha actividade que se entregaría por medios telemáticos.

ANEXO II: ENSINO NON PRESENCIAL Será de aplicación no caso de que as autoridades educativas e/ou sanitarias decreten un novo estado de confinamento ou suspensión da actividade lectiva presencial con carácter xeral. Nesta situación as competencias, obxectivos, e contidos da disciplina non sufrirán variacións. Durante o período de confinamento/suspensión da actividade lectiva presencial sería de aplicación o recollido no anexo I para os períodos de corentena agás ao respecto das actividades monográficas, a asistencia a ensaios e a práctica auditiva que serán substituídas por actividades telemáticas equivalentes aos afectos de acadar as competencias e obxectivos da disciplina e que poden ser adaptadas ás necesidades educativas individuais de cada estudante.

ANEXO I

Actividade lectiva semi-presencial

A actividade lectiva semi-presencial producirase no caso de que as autoridades sanitarias e educativas impoñan o réxime de corentena a un ou varios alumnos dun grupo, ao grupo completo ou ao profesor ao longo do presente curso. Neste caso, o profesorado desenrolará a actividade docente utilizando os medios telemáticos que fosen necesarios para tal fin, como por exemplo, aplicacións de carácter gratuito (Skype, Zoom, etc) o uso do correo electrónico ou os servizos de mensaxería instantánea como Whatsapp. O profesorado identificará os posibles casos de “desconexión dixital” por parte do alumnado para tentar de establecer cos responsabeis educativos un sistema de comunicación alternativo que minimize a fenda dixital.

Cara a avaliación, tanto os contidos como os traballos realizados polo alumnado en réxime de corentena, so serán tidos en conta para una mellora o alza da cualificación final do cuadrimestre. De coincidir o confinamento coas avaliacións, non se realizarán exames presenciais e istos serán substituídos pola entrega de traballos e/ou, nos casos que sexa posible, coa realización do exame de forma telemática.

ANEXO II

Actividade lectiva non presencial

No caso de que as autoridades decretasen unha suspensión xeral das actividades lectivas o profesorado desenrolará a actividade docente utilizando os medios telemáticos que fosen necesarios para tal fin, como por exemplo, aplicacións de carácter gratuito (Skype, Zoom, etc) o uso do correo electrónico ou os servizos de mensaxería instantánea como Whatsapp. O profesorado identificará os posibles casos de “desconexión dixital” por parte do alumnado para tentar de establecer cos responsabeis educativos un sistema de comunicación alternativo que minimize a fenda dixital.

Cara a avaliación, tanto os contidos como os traballos realizados polo alumnado neste período de confinamento, so serán tidos en conta para una mellora o alza da cualificación final do cuadrimestre. De coincidir o confinamento coas avaliacións, non se realizarán exames presenciais e istos serán substituídos pola entrega de traballos e/ou, nos casos que sexa posible, coa

realización do exame de forma telemática.